

RESOLUCIÓN do 21 de maio de 2018 pola que se nomea o tribunal de selección de dúas prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Unha vez convocado proceso selectivo para a provisión mediante contrato laboral temporal de tres prazas de titulado/a superior de xestor de proxecto para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, pola resolución do 20 de decembro de 2017, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 9, do 12 de xaneiro de 2018, modificada pola resolución do 16 de xaneiro de 2018, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 14, do 19 de xaneiro de 2018, e ditada resolución de desestimento da praza de xestor de proxecto de investigación; vistos o artigo 59 da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, o artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, e a restante normativa aplicable, e de acordo co artigo 11 do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia; en uso das facultades conferidas polo antedito *Decreto 112/2015, do 31 de xullo*, e de conformidade co establecido nas bases de dita convocatoria, esta xerencia

RESOLVE

Nomear o tribunal, titular e suplente, que deberá facer a selección das dúas prazas de titulado/a superior para a Unidade de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria, recollida na mencionada convocatoria.

Dito tribunal ten a seguinte composición:

Tribunal titular:

Presidencia: María Isabel Barros Pena, Xefa do servizo de xestión, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Secretaría: Mario Mosquera Vereza, Xefe do servizo de innovación formativa, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Vogal: Elías Vázquez Iglesias, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Tribunal suplente:

Presidencia: Alicia Piñeiro Redondo, Xefa de servizo de consultoría de Galaria, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Secretaría: Rosa María Hurtado Taboada, Xefa do servizo de docencia, persoal estatutario grupo técnico da función administrativa, subgrupo A1.

Vogal: María José Faraldo Vallés, Xefa de servizo da Unidade de Asesoramento Científico-técnico, persoal funcionario facultativo superior, subgrupo A1.

A este tribunal resúltanlle de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollos a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 24 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, ante o xulgado contencioso-administrativo competente de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Potestativamente, e con carácter



previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Todo iso sen prexuízo de que a persoa interesada poida interpor calquera outro recurso que mellor conveña ao seu dereito.

Santiago de Compostela, a 21 de maio de 2018

Beatriz Allegue Requeijo

Xerente

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

